

PROCESO DE SELECCIÓN DE CANDIDATURAS DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN ECOBAS PARA A SOLICITUDE DE AXUDAS 'JUAN DE LA CIERVA 2021 (MODALIDADES FORMACIÓN E INCORPORACIÓN)

ECOBAS é un Centro de Investigación Interuniversitario de Galicia (España) do ámbito das Ciencias Sociais, principalmente Economía e Empresa, orientado ao estudo da sustentabilidade en sentido amplo, é dicir, dende o punto de vista de económico, ambiental e social (podes [descargar o noso boletín](#) para ampliar a información sobre a nosa actividade). O Centro ten entre os seus obxectivos a captación e potenciación do talento investigador con capacidade de liderado científico, o que conleva accións encamiñadas á incorporación de novas investigadoras e investigadores altamente cualificados.

Neste contexto, ábrese un proceso de envío de manifestacións de interese por parte de **persoal investigador posdoutoral** que queira optar a incorporarse á organización a través das convocatorias **Juan de la Cierva-Formación** (JdIC-F) ou **Juan de la Cierva-Incorporación** (JdIC-I), do Programa Estatal para Desenvolver, Atraer e Reter Talento do [Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023](#), Ministerio de Ciencia e Innovación, cuxa publicación está prevista para este mes de decembro de 2021.

As persoas seleccionadas por ECOBAS a través deste proceso serán convidadas a presentar unha candidatura a algunha das citadas convocatorias (JdIC-F ou JdIC-I, en función das súas características) e recibirán apoio do centro na preparación e presentación da documentación necesaria para optar a estas axudas.

REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS CANDIDATAS

- Estar en posesión do **título de doutor/a** dende unha data posterior ó 1 de xaneiro de 2017
- Ter realizado a súa **formación predoutoral nun centro diferente á Universidade de Vigo** ou, en caso de tela realizado nesta universidade, ter realizado **estadías noutros Centros de I+D durante polo menos 12 meses**, xa sexan de carácter continuo ou discontinuo, despois da obtención do grao de doutor. Considérase centro onde se realizou a formación predoutoral aquel no que se desenvolveu, de modo principal, o conxunto de actividades de investigación conducentes á adquisición das competencias e habilidades necesarias para a obtención do título de Doutor, incluídas no programa de doutoramento.
- **Non ter sido beneficiarias dunha axuda nas convocatorias anteriores** das actuacións Juan de la Cierva-Formación ou Juan de la Cierva-Incorporación

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

- Aquelas persoas interesadas en formar parte deste proceso de selección deberán cumprimentar o formulario que se pode atopar na seguinte ligazón: <https://ecobas.webs.uvigo.es/en/rrhh.php>. No campo 'Reference' indicárase 'Juan de la Cierva 2021', e no despregable 'Career Profile' seleccionárase o perfil 'Researcher-Doctor', cumprimentándose axeitadamente os campos despregados do formulario.
- Deberá achegarse un **Currículo Vítæ** en inglés ou español, cunha **extensión máxima de 4 páxinas**.

- O prazo para presentar manifestacións de interese estará aberto dende o día de publicación desta chamada **ata o día 3 de xaneiro de 2022 ás 23.00h ou, de producirse máis tarde, ata a data de publicación da convocatoria de axudas Juan de la Cierva** na [páxina web do Ministerio de Ciencia e Innovación](#).

SELECCIÓN

- As candidaturas recibidas serán valoradas por un **Comité de Selección**, integrado por membros de ECOBAS, en base aos criterios de avaliación indicados nas bases do Ministerio de Ciencia e Innovación para estas axudas, e clasificadas segundo poidan optar á modalidade Formación ou Incorporación.
- **As que obteñan a mellor valoración será seleccionadas** para formar parte das solicitudes de ECOBAS, presentadas a través da Universidade de Vigo, nas convocatorias Juan de la Cierva-Formación e Juan de la Cierva-Incorporación 2021.
- ECOBAS resérvase o dereito a non presentar ningunha solicitude no caso de que o Comité de Selección, unha vez valoradas as manifestacións de interese recibidas, considere que ningunha delas conta cun nivel de calidade suficiente de acordo cos criterios da convocatoria.

PREPARACIÓN DE CANDIDATURAS

As persoas seleccionadas serán **convidadas a presentar unha candidatura** ás axudas Juan de la Cierva, na modalidade Formación ou Incorporación, segundo corresponda, e **recibirán apoio por parte do equipo de xestión e dirección** de ECOBAS na preparación da documentación e a presentación da solicitude.

CONDICIÓN DE CONTRATACIÓN

Se algunha das persoas seleccionadas por ECOBAS que formalice correctamente a súa solicitude á convocatoria Juan de la Cierva resulta seleccionada polo Ministerio de Ciencia e Innovación como beneficiaria dunha destas axudas, asinará un contrato coa Universidade de Vigo nas seguintes condicións:

- Duración: **2 anos**, na modalidade Formación; **3 anos** na modalidade Incorporación (a contar a partir da data de incorporación ó Centro)
- Retribución bruta anual: a estipulada polas bases da convocatoria (a retribución estipulada na última convocatoria foi de **22.650€** na modalidade Formación, e de **26.300€** na modalidade Incorporación)